

Estudo de salarios. Salarios desde a perspectiva do fogar

Resumo de resultados 14/03/2025

ÍNDICE

Introdución	1
Fogares con persoas asalariadas	2
Ingresos totais dos fogares	11
Ingresos salariais dos fogares	16
Definicións, fontes e máis información	19

Introdución

Neste apartado analízanse os fogares de Galicia en relación aos ingresos salariais que perciben a partir da información que anualmente proporciona a [Enquisa estrutural a fogares \(EEF\)](#).

Considéranse fogares con algunha persoa asalariada aqueles nos que algún dos seus membros tivo algún ingreso proveniente de traballo por conta allea.

Defínense catro fontes de renda e para cada fogar calcúlase a fonte de renda máis importante cuantitativamente, o que permite a clasificación dos fogares como segue:

- Fogares cuxa principal fonte de ingresos son os salarios (ingresos dos traballadores por conta allea).
- Fogares cuxa principal fonte de ingresos son os ingresos dos traballadores por conta propia.
- Fogares cuxa principal fonte de ingresos son as prestacións (inclúen as pensións contributivas e non contributivas e as prestacións e os subsidios por desemprego).
- E unha categoría "outro tipo" na que se recollen aqueles fogares nos que a fonte máis importante de ingresos son os ingresos non utilizados como variable de clasificación nas categorías anteriores (rendas do capital e da propiedade e outros ingresos).


Tamén se calculan, nos fogares con ingresos salariais, o peso destes ingresos sobre o total de ingresos do fogar e así obter os fogares nos que os salarios son máis do 50 % dos ingresos totais, máis do 75 % dos ingresos totais e nos que os salarios son o 100 % dos ingresos que teñen.

Fogares con persoas asalariadas

Incidencia dos fogares con persoas asalariadas por áreas

Incidencia dos fogares con persoas asalariadas.

Ano 2023 *Unidade: Porcentaxe*



Nas provincias da Coruña e Pontevedra sitúanse as áreas que teñen unha maior incidencia de fogares nos que hai algunha persoa asalariada e en todas as áreas destas dúas provincias a incidencia dos fogares con algunha persoa asalariada é superior ao 50 %.

Pola contra, nas provincias de Lugo e Ourense é onde se sitúan as incidencias máis baixas e onde se atopan as áreas con incidencias inferiores ao 50 %: Lugo sur, O Carballiño-O Ribeiro e Ourense sur.

A incidencia máis alta atópase na Área de Santiago na que o 69,55 % dos fogares teñen algunha persoa asalariada. No outro extremo atópase Ourense sur na que o 43,13 % dos fogares teñen algunha persoa asalariada.

Incidencia dos fogares con algunha persoa asalariada segundo a tipoloxía do fogar

Incidencia dos fogares con algunha persoa asalariada segundo a tipoloxía do fogar. Galicia


Unidade: Porcentaxe

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Unipersoal	25,66	25,85	26,54	27,25	29,14	26,22	25,55	26,33	26,74	27,52	28,03	27,76	29,43	29,41	29,45	30,57	31,45
Parella con fillos	85,11	86,62	84,14	83,96	82,01	80,21	80,08	79,44	81,16	83,09	83,39	85,27	85,48	85,44	87,49	87,25	87,99
Parella sen fillos	43,94	42,27	42,13	42,58	44,95	42,33	39,40	39,21	38,43	38,20	40,19	41,41	42,86	44,18	43,99	44,42	46,03
Monoparental	65,97	67,72	66,72	60,75	59,85	58,19	56,44	56,07	58,82	62,47	60,28	67,62	65,75	65,53	67,30	68,34	68,29
Outro tipo	71,81	71,87	70,05	69,99	67,23	61,88	62,72	64,64	64,78	68,59	68,16	68,77	71,65	72,04	73,30	72,93	76,08
Total	61,11	61,33	59,58	58,33	57,92	55,82	54,51	54,63	55,29	56,63	56,82	58,05	59,19	59,07	59,87	60,37	60,47

No ano 2023 o 60,47 % dos fogares de Galicia teñen algunha persoa asalariada (0,10 puntos máis que no ano 2022). A incidencia dos fogares con algún salario diminuíu lentamente dende o ano 2007 ata os anos 2013 e 2014 (cando se situou por debaixo do 55 %) para, nos seguintes anos, aumentar lixeiramente. No ano 2020 rompe o refacho de crecemento da incidencia, que baixa lixeiramente e se sitúa no nivel do ano anterior. En 2023 recupérase o crecemento mais a incidencia dos fogares con algunha persoa asalariada (60,47 %) segue sen acadar os niveis do ano 2007 (61,11 %).

Por tipoloxía do fogar, os fogares do tipo parella con fillos son nos que as persoas asalariadas teñen máis peso (un 87,99 %). No outro extremo atópanse os fogares do tipo unipersoal, onde o 31,45 % son persoas asalariadas.

Fogares con persoas asalariadas segundo a tipoloxía do fogar. Galicia *Unidade: Porcentaxe*



A incidencia dos fogares con algunha persoa asalariada nos diferentes tipos de fogares (unipersoais, parellas con fillos, parellas sen fillos...) en 2023 é moi similar á incidencia en 2007. Neste período de tempo, o maior incremento da incidencia dos fogares con algunha persoa asalariada preséntase nos fogares do tipo unipersoal cunha diferenza de 5,79 puntos porcentuais (o 25,66 % en 2007 e o 31,45 % en 2023).

Ao contrario, o menor incremento na incidencia dos fogares con algunha persoa asalariada prodúcese nos fogares do tipo parella sen fillos que pasa de ser o 43,94 % en 2007 ao 46,03 % en 2023 (2,09 puntos porcentuais de diferenza).

Fogares con persoas asalariadas segundo a principal fonte de ingresos

Distribución do total de fogares e dos fogares con persoas asalariadas segundo a principal fonte de ingresos. Galicia

Unidade: Porcentaxe


	Total				Hai perceptores ingresos traballo conta allea			
	Salarios	Traballo conta propia	Prestacións	Outro tipo	Salarios	Traballo conta propia	Prestacións	Outro tipo
2007	50,34	11,01	37,35	1,29	82,39	6,72	10,37	0,53
2008	49,76	9,70	39,03	1,51	81,14	6,11	12,05	0,70
2009	47,84	10,07	40,43	1,66	80,30	5,92	13,05	0,74
2010	46,60	9,28	41,99	2,13	79,90	5,36	13,94	0,81
2011	46,32	9,13	42,59	1,96	79,97	4,81	14,28	0,94
2012	43,28	9,32	45,57	1,84	77,53	5,17	16,69	0,61
2013	42,86	9,36	45,86	1,92	78,64	5,35	15,27	0,75
2014	43,57	8,96	45,32	2,16	79,75	4,87	14,54	0,84
2015	43,70	8,62	45,15	2,54	79,04	5,12	14,69	1,16
2016	44,58	9,39	44,05	1,97	78,72	6,06	14,17	1,05
2017	45,27	9,25	43,78	1,71	79,66	5,41	14,07	0,86
2018	46,55	9,48	42,41	1,56	80,19	5,91	13,30	0,59
2019	46,30	9,29	42,36	2,05	78,24	5,83	15,12	0,82
2020	45,08	8,54	44,90	1,48	76,31	5,35	17,75	0,58
2021	46,70	8,65	43,12	1,53	78,00	5,83	15,76	0,41
2022	47,12	9,37	42,05	1,46	78,04	6,28	15,17	0,51
2023	47,89	8,96	41,85	1,29	79,20	5,57	14,67	0,56

No ano 2023 o 47,89 % dos fogares galegos teñen como fonte principal de ingresos os salarios seguidos dos fogares que teñen como fonte principal as prestacións (o 41,85 %), mentres que os fogares que teñen como fonte principal o traballo por conta propia non chegan ao 10 %.

Se nos restrinximos aos fogares con persoas asalariadas, no ano 2023 en Galicia o 79,20 % destes fogares teñen como fonte principal de ingresos do fogar os salarios e no 14,67 % deles as prestacións constitúen a maior fonte de ingresos. Isto é, aínda que o fogar teña algunha persoa asalariada, o ingreso total por salarios é inferior ao ingreso total por prestacións.

Este peso aumentou no período 2007-2012 acadando en 2012 o seu valor máximo do 16,69 % e viña diminuindo dende este ano ata o 2018 onde acadou o 13,30 % dos fogares (aínda por encima do valor que representaban estes fogares, o 10,37 %, en 2007). No ano 2020 esta porcentaxe aumenta 2,63 puntos porcentuais con respecto a 2019 e acada un novo valor máximo (17,75 %) polo efecto das prestacións da Covid. En 2023 a porcentaxe diminúe con respecto ao anterior e sitúase no 14,67 %.

Distribución dos fogares segundo a fonte principal de ingresos. Galicia. Ano 2023 *Unidade: Porcentaxe*



Fogares nos que os ingresos por salarios representan máis dun 50 %, 75 % ou 100 % do total dos seus ingresos

Fogares nos que os salarios representan máis dunha determinada porcentaxe do total dos seus ingresos. Galicia e provincias

Unidade: Porcentaxe


	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Galicia																	
Máis dun 50 %	49,38	48,41	46,71	45,24	45,35	42,21	41,86	42,67	42,93	43,60	44,49	45,65	45,40	43,69	45,61	45,98	46,75
Máis dun 75 %	35,79	35,22	33,43	31,14	32,47	30,63	30,60	31,75	31,26	32,20	32,74	33,06	32,15	30,56	33,52	33,33	34,64
O 100 %	26,28	22,23	21,47	20,17	21,14	21,15	21,98	22,42	21,68	23,16	24,20	24,52	22,77	16,82	23,49	24,17	24,62
A Coruña																	
Máis dun 50 %	51,81	50,80	49,30	48,12	47,39	44,21	44,72	45,16	45,01	46,38	46,83	46,44	46,73	45,36	45,89	47,69	49,13
Máis dun 75 %	37,98	37,39	35,55	33,20	34,21	33,16	32,82	34,16	33,62	34,16	35,38	34,08	33,52	31,75	34,26	34,77	37,56
O 100 %	27,40	23,14	21,09	20,24	21,97	22,90	24,20	22,92	22,37	24,16	25,84	24,67	24,08	17,47	24,45	25,77	26,68
Lugo																	
Máis dun 50 %	40,45	40,90	39,28	38,20	38,26	34,27	34,37	37,79	38,44	37,30	39,05	38,98	38,74	39,60	42,21	40,31	40,51
Máis dun 75 %	27,48	27,34	28,35	26,70	27,44	23,73	23,71	25,35	27,09	27,12	27,08	25,72	27,19	27,28	29,76	29,05	28,29
O 100 %	20,28	16,79	19,14	17,19	18,20	15,03	16,02	17,72	18,25	19,06	19,73	18,75	18,93	16,46	21,12	19,41	18,96
Ourense																	
Máis dun 50 %	38,55	38,11	36,72	35,79	39,95	37,47	36,61	34,99	36,79	36,52	35,32	38,81	38,66	35,10	40,10	39,00	39,97
Máis dun 75 %	27,89	27,99	25,10	24,95	26,92	25,96	25,02	26,85	25,13	25,12	26,00	27,40	27,26	24,56	28,68	28,16	27,48
O 100 %	20,43	20,19	16,73	16,88	18,04	17,18	18,65	19,27	17,39	18,89	20,53	21,29	19,79	15,03	19,01	20,56	20,67
Pontevedra																	
Máis dun 50 %	54,45	52,64	50,48	48,20	47,66	44,48	43,11	44,26	44,26	45,06	46,90	49,57	48,55	46,13	48,42	48,34	48,51
Máis dun 75 %	39,70	38,63	36,18	32,80	34,42	31,83	32,53	32,99	32,13	34,23	33,98	36,53	33,98	32,39	35,66	34,87	35,92
O 100 %	29,74	24,11	24,79	22,57	22,45	22,76	22,73	24,75	23,68	24,99	25,13	27,60	23,60	16,76	24,73	25,15	25,54

En 2023, no 46,75 % dos fogares galegos os salarios representan máis da metade dos ingresos totais do fogar, no 34,64 % os salarios representan máis do 75 % e no 24,62 % dos fogares galegos os salarios constitúen a totalidade de ingresos do fogar.

Estas porcentaxes aumentaron con respecto ao ano 2022 sobre todo no caso dos fogares nos os salarios representan máis do 75 % dos ingresos, onde creceu 1,31 puntos porcentuais (do 33,33 % en 2022 ao 34,64 % en 2023).

Fogares nos que os salarios representan máis dun

50 %. Ano 2023 *Unidade: Porcentaxe*



Por provincias, as porcentaxes dos fogares nos que os salarios son superiores ao 50 %, ao 75 % ou igual ao 100 % son maiores na Coruña e Pontevedra que en Lugo e Ourense. Así, a porcentaxe de fogares nos que os ingresos salariais son máis do 50 % sitúase no 49,13 % na Coruña, no 48,51 % en Pontevedra, no 40,51 % en Lugo e no 39,97 % en Ourense.

Fogares nos que os salarios/prestacións representan máis do 50 % do total dos seus ingresos

Na táboa inferior preséntase, para cada provincia e Galicia, a porcentaxe de fogares nos que os salarios son máis da metade dos ingresos do fogar xunto coa porcentaxe de fogares nos que as prestacións son máis da metade dos ingresos do fogar. Nos anos 2012, 2013, 2014, 2015 e 2020 a porcentaxe de fogares galegos con predominancia de prestacións supera á porcentaxe de fogares con predominancia en salarios.


Fogares nos que os salarios/prestacións representan máis da metade do total dos seus ingresos.
Galicia e provincias

Unidade: Porcentaxe

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Galicia																	
Salarios	49,38	48,41	46,71	45,24	45,35	42,21	41,86	42,67	42,93	43,60	44,49	45,65	45,40	43,69	45,61	45,98	46,75
Prestacións	37,02	38,27	39,75	41,35	41,94	44,74	45,13	44,62	44,46	43,53	43,06	41,81	41,30	43,97	42,36	41,26	41,26
A Coruña																	
Salarios	51,81	50,80	49,30	48,12	47,39	44,21	44,72	45,16	45,01	46,38	46,83	46,44	46,73	45,36	45,89	47,69	49,13
Prestacións	35,19	36,22	37,04	39,45	40,16	42,84	42,03	42,48	42,92	40,60	40,45	41,04	39,26	42,02	40,51	40,37	39,98
Lugo																	
Salarios	40,45	40,90	39,28	38,20	38,26	34,27	34,37	37,79	38,44	37,30	39,05	38,98	38,74	39,60	42,21	40,31	40,51
Prestacións	42,05	44,15	46,36	45,93	46,30	50,50	49,86	47,99	46,71	47,47	45,82	44,90	46,21	45,65	44,28	43,31	45,31
Ourense																	
Salarios	38,55	38,11	36,72	35,79	39,95	37,47	36,61	34,99	36,79	36,52	35,32	38,81	38,66	35,10	40,10	39,00	39,97
Prestacións	47,39	48,68	50,41	49,36	48,07	50,28	52,28	52,85	50,49	51,40	53,66	48,88	50,32	53,27	48,70	49,84	47,63
Pontevedra																	
Salarios	54,45	52,64	50,48	48,20	47,66	44,48	43,11	44,26	44,26	45,06	46,90	49,57	48,55	46,13	48,42	48,34	48,51
Prestacións	32,98	34,23	36,21	38,71	40,10	42,87	44,53	42,96	43,32	42,82	41,47	39,11	38,84	42,50	41,73	38,62	39,08

En 2023, nas provincias de Pontevedra e A Coruña os fogares con predominancia de salarios superan aos fogares nos que máis da metade dos ingresos son prestacións; pola contra en Lugo e Ourense os fogares nos que máis do 50 % do ingreso son prestacións superan aos fogares con maioría de salarios.

**Fogares nos que os salarios/prestacións
representan máis dun 50 %. Galicia** *Unidade:*
Porcentaxe



Se analizamos estas porcentaxes para os anos 2007 e 2023 en Galicia, a porcentaxe de fogares nos que os salarios son máis do 50 % dos seus ingresos presentou unha diminución de 2,63 puntos porcentuais en todo o período, mentres que a porcentaxe de fogares nos que as prestacións son máis da metade dos seus ingresos aumentou 4,24 puntos porcentuais. En 2007, a porcentaxe de fogares con predominancia de salarios era superior á porcentaxe de fogares con predominancia de prestacións en 12,36 puntos de diferenza; mais en 2023 as ditas porcentaxes son algo máis similares e a diferenza é de 5,49 puntos porcentuais a favor dos fogares con predominancia de salarios.

Ingresos totais dos fogares

Estrutura dos ingresos no total de fogares e nos fogares con algunha persoa asalariada

Estrutura dos ingresos no total de fogares de Galicia. Galicia

Unidade: Porcentaxe

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Traballo conta allea	57,10	56,19	54,80	53,68	52,93	50,58	49,87	50,43	50,84	50,47	51,02	51,48	50,79	49,63	51,55	51,20	51,09
Traballo conta propia	13,14	11,87	11,60	10,88	10,05	10,16	10,48	9,87	9,89	10,49	10,61	10,84	10,85	9,54	10,00	10,65	10,47
Prestacións	27,43	28,93	30,76	32,50	33,86	36,31	36,90	36,87	36,35	36,02	35,88	34,83	35,48	38,14	35,93	35,45	35,79
Rendas e outros ingresos	2,33	3,01	2,83	2,94	3,15	2,95	2,75	2,82	2,92	3,02	2,49	2,84	2,88	2,70	2,52	2,70	2,65

Estrutura dos ingresos no total de fogares. Galicia. Ano 2023




En 2023 os ingresos salariais representan o 51,09 % do total de ingresos dos fogares. Esta porcentaxe (sen grandes cambios nos últimos anos) aínda é menor que a cifra de 2007 cando os ingresos salariais dos fogares eran o 57,10 % do total dos seus ingresos.

Estrutura dos ingresos nos fogares con algunha persoa asalariada. Galicia

Unidade: Porcentaxe

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Traballo conta allea	75,74	74,39	74,44	73,64	74,14	72,99	73,80	74,92	74,89	73,95	74,34	74,02	71,86	71,01	72,51	72,57	72,98
Traballo conta propia	8,55	8,29	7,34	7,37	6,58	6,49	7,01	6,58	6,66	7,45	7,28	7,89	7,96	6,81	7,22	7,71	7,45
Prestacións	14,07	15,16	16,07	16,80	16,98	18,23	17,27	16,56	16,37	16,36	16,43	16,11	18,00	20,26	18,36	17,67	17,59
Rendas e outros ingresos	1,63	2,15	2,15	2,19	2,29	2,28	1,92	1,94	2,08	2,24	1,95	1,99	2,18	1,92	1,91	2,05	1,97

Estrutura dos ingresos nos fogares con algún asalariado. Galicia. Ano 2023



En 2023, nos fogares con algunha persoa asalariada, os salarios representan o 72,98 % dos ingresos totais, similar á cifra dos anos 2020 e 2019 e inferior á dos anos anteriores (2014-2018) nos que se situaba entre o 74 e o 75 %. Nos fogares con algunha persoa asalariada os ingresos procedentes das prestacións diminúen con respecto ao ano anterior e pasan de ser o 17,67 % dos ingresos en 2022 ao 17,59 % en 2023.

Ingreso medio mensual por fogar segundo a tipoloxía do fogar

Ingreso medio mensual por fogar segundo a tipoloxía do fogar. Galicia

Unidade: Euros

	Total de fogares						Hai perceptores ingresos traballo conta allea					
	Unipersoal	Parella con fillos	Parella sen fillos	Mono-parental	Outro tipo	Total	Unipersoal	Parella con fillos	Parella sen fillos	Mono-parental	Outro tipo	Total
2007	936	2.587	1.781	1.674	2.643	2.026	1.381	2.687	2.355	1.916	2.923	2.500
2008	953	2.589	1.789	1.775	2.611	2.029	1.362	2.682	2.352	2.043	2.888	2.499
2009	989	2.518	1.851	1.757	2.650	2.010	1.412	2.644	2.432	1.959	2.980	2.484
2010	987	2.506	1.871	1.698	2.650	1.977	1.401	2.639	2.449	2.022	2.949	2.471
2011	1.013	2.379	1.792	1.636	2.637	1.908	1.367	2.547	2.214	1.911	2.931	2.353
2012	971	2.361	1.855	1.641	2.481	1.906	1.320	2.548	2.334	1.940	2.780	2.366
2013	1.025	2.364	1.871	1.569	2.540	1.910	1.377	2.542	2.314	1.825	2.878	2.368
2014	1.057	2.354	1.883	1.572	2.526	1.915	1.459	2.533	2.280	1.843	2.855	2.359
2015	1.023	2.416	1.914	1.618	2.503	1.930	1.344	2.585	2.329	1.871	2.799	2.370
2016	1.074	2.468	1.974	1.714	2.729	2.007	1.354	2.586	2.389	1.936	3.038	2.419
2017	1.114	2.579	2.047	1.729	2.823	2.079	1.400	2.716	2.461	1.950	3.123	2.512
2018	1.136	2.757	2.179	1.903	2.989	2.196	1.380	2.881	2.605	2.089	3.227	2.631
2019	1.196	2.893	2.273	1.993	3.036	2.290	1.454	3.028	2.726	2.166	3.273	2.735
2020	1.236	2.853	2.217	1.947	3.145	2.277	1.518	2.976	2.514	2.133	3.391	2.694
2021	1.255	3.053	2.402	2.118	3.266	2.416	1.524	3.155	2.799	2.314	3.518	2.869
2022	1.310	3.252	2.499	2.152	3.477	2.548	1.531	3.359	2.849	2.269	3.655	2.978
2023	1.447	3.420	2.729	2.370	3.675	2.698	1.648	3.504	3.045	2.531	3.843	3.124

No ano 2023 o ingreso medio mensual por fogar aumenta nun 5,89 %, pasando de 2.548 euros en 2022 a 2.698 euros en 2023.

Por tipoloxía de fogar, neste último ano todos os tipos de fogares viron incrementado o seu importe medio mensual con respecto ao ano anterior. O menor incremento relativo deuse nos fogares que son parella con fillos nos que o importe medio mensual por fogar pasou de 3.252 euros en 2022 a 3.420 euros en 2023. Pola contra, o maior incremento presentouse nos fogares que son unipersoal nos que o ingreso pasou de ser de 1.310 euros en 2022 a 1.447 euros en 2023.

No ano 2023 o ingreso medio mensual por fogar, nos fogares con algunha persoa asalariada, acada os 3.124 euros (146 euros superior ao ingreso medio mensual por fogar en 2022). De xeito similar ao total de fogares, o ingreso medio mensual por fogar dos fogares con persoas asalariadas crece con respecto ao ano anterior (un 4,90 %).

Ingreso medio mensual por fogar segundo a principal fonte de ingresos do fogar

Ingresos medios mensuais por fogar segundo a principal fonte de ingresos do fogar. Galicia

Unidade: Euros por fogar

	Total de fogares				Hai perceptores ingresos traballo conta allea			
	Total	Salarios	Traballo conta propia	Prestacións	Total	Salarios	Traballo conta propia	Prestacións
2007	2.026	2.486	2.388	1.300	2.500	2.486	2.941	2.281
2008	2.029	2.491	2.343	1.355	2.499	2.491	2.971	2.247
2009	2.010	2.487	2.336	1.376	2.484	2.487	2.962	2.228
2010	1.977	2.491	2.105	1.401	2.471	2.491	2.788	2.189
2011	1.908	2.355	1.936	1.430	2.353	2.355	2.664	2.230
2012	1.906	2.380	1.977	1.468	2.366	2.380	2.586	2.234
2013	1.910	2.373	2.016	1.479	2.368	2.373	2.677	2.256
2014	1.915	2.367	1.987	1.491	2.359	2.367	2.667	2.230
2015	1.930	2.402	2.008	1.510	2.370	2.402	2.487	2.234
2016	2.007	2.410	2.154	1.595	2.419	2.410	2.699	2.400
2017	2.079	2.486	2.199	1.649	2.512	2.486	2.791	2.537
2018	2.196	2.590	2.382	1.738	2.631	2.590	3.015	2.717
2019	2.290	2.676	2.501	1.863	2.735	2.676	3.207	2.863
2020	2.277	2.716	2.416	1.837	2.694	2.716	2.888	2.579
2021	2.416	2.824	2.731	1.942	2.869	2.824	3.282	2.934
2022	2.548	2.930	2.883	2.086	2.978	2.930	3.433	3.061
2023	2.698	3.058	3.043	2.242	3.124	3.058	3.648	3.306

Nota: non se inclúe 'Outro tipo' por falta de tamaño de mostra

En 2023 os fogares onde os salarios son a fonte principal de ingresos teñen un ingreso medio mensual de 3.058 euros, superior ao ingreso medio daqueles fogares que teñen como principal fonte de ingreso o traballo por conta propia (3.043 euros) ou as prestacións (2.242 euros); diminuindo estas diferenzas con respecto ao ano 2022, máis na liña dos anos anteriores.


Así, en 2022 os fogares onde os salarios eran a fonte principal de ingresos tiñan un ingreso medio mensual superior en 47 euros ao ingreso medio mensual nos fogares con traballo por conta propia como fonte principal de ingresos; en 2023 esta diferenza é de 15 euros.

Se nos limitamos aos fogares con persoas asalariadas, os ingresos medios por fogar daqueles onde a fonte principal dos seus ingresos son os salarios aumenta con respecto ao ano anterior (3.058 euros en 2023 fronte a 2.930 euros en 2022) ao igual que nos fogares onde a súa fonte principal de ingresos é o traballo por conta propia (3.648 euros en 2023 fronte a 3.433 euros en 2022) ou as prestacións (3.306 euros en 2023 fronte a 3.061 euros en 2022).

Comparación do ingreso medio mensual por fogar

Evolución do ingreso medio mensual do fogar. Galicia *Unidade: Euros*

O ingreso medio mensual por fogar nos fogares con algunha persoa asalariada é superior ao ingreso medio mensual por fogar en todos os anos do período 2007-2023. Así, estes fogares teñen un ingreso superior en algo máis de 420 euros mensuais. Dáse unha diferenza similar cando nos restrinximos aos fogares nos que os salarios son a fonte principal de ingresos.



Ingresos salariais dos fogares

Ingresos dos fogares por tipoloxía do ingreso: salarios e outros

Calculamos os valores medios dos ingresos mensuais por fogar segundo a súa tipoloxía:

- salarios
- traballo conta propia
- prestacións
- outro tipo

Para cada tipo de ingreso o valor medio por fogar calcúlase nos fogares onde teñen ese tipo de ingreso.


Importe medio por fogar dos diferentes tipos de ingresos e incidencia. Galicia

Unidade: Euros e porcentaxe

	Importe medio mensual				Incidencia			
	Salarios	Traballo conta propia	Prestacións	Outro tipo	Salarios	Traballo conta propia	Prestacións	Outro tipo
2007	1.894	1.298	938	402	61,11	20,52	59,27	11,72
2008	1.859	1.252	919	360	61,33	19,25	63,88	16,93
2009	1.849	1.217	947	396	59,58	19,16	65,25	14,40
2010	1.820	1.125	971	346	58,33	19,13	66,18	16,84
2011	1.744	1.047	1.011	316	57,92	18,32	63,90	19,06
2012	1.727	1.064	1.065	366	55,82	18,22	65,01	15,39
2013	1.748	1.080	1.106	304	54,51	18,55	63,73	17,31
2014	1.768	1.042	1.126	319	54,63	18,14	62,68	16,95
2015	1.775	1.118	1.125	313	55,29	17,08	62,38	17,99
2016	1.789	1.197	1.172	345	56,63	17,59	61,66	17,53
2017	1.867	1.291	1.229	347	56,82	17,10	60,69	14,93
2018	1.947	1.332	1.287	390	58,05	17,87	59,45	15,99
2019	1.965	1.342	1.334	388	59,19	18,51	60,91	16,96
2020	1.913	1.238	1.192	378	59,07	17,55	72,84	16,26
2021	2.080	1.464	1.393	377	59,87	16,49	62,29	16,19
2022	2.161	1.547	1.507	417	60,37	17,54	59,95	16,49
2023	2.280	1.665	1.632	426	60,47	16,96	59,16	16,75

Os salarios son a tipoloxía de ingresos que teñen un valor medio superior por fogar. Así, no ano 2023 o 60,47 % dos fogares teñen algunha persoa asalariada e nestes fogares o importe medio por fogar dos salarios é de 2.280 euros. No ano 2023 o ingreso salarial medio por fogar aumenta con respecto ao ano anterior un 5,51%.

Evolución do importe medio mensual por fogar por tipoloxía de ingresos. Galicia *Unidade: Euros*



O importe medio dos ingresos salariais por fogar diminuíu no período 2007-2012 e aumentou no 2012-2019, superando en 2018 por primeira vez a cifra de inicio. En 2023 o importe medio por fogar dos ingresos salariais é de 2.280 euros, 119 euros superior ao importe medio no ano 2022 (2.161 euros mensuais por fogar). O importe medio por fogar dos ingresos provenientes do traballo por conta propia e prestacións teñen unha evolución similar. O importe medio mensual dos ingresos por traballo por conta propia no ano 2023 é de 1.665 euros por fogar, algo superior ao importe das prestacións que é de 1.632 euros por fogar

Ingresos medios totais (total de fogares) e salariais (fogares con algunha persoa asalariada) segundo a fonte principal do ingreso do fogar

Ingreso medio total e salarial por fogar (fogares con algunha persoa asalariada) segundo a fonte principal de ingreso do fogar sexan os salarios ou non. Galicia

Unidade: Euros

	Ingreso medio mensual por fogar			Ingreso salarial		
	Salarios	Traballo conta propia, prestacións ou outros	Total	Salarios	Traballo conta propia, prestacións ou outros	Total
2007	2.486	2.567	2.500	2.118	845	1.894
2008	2.491	2.536	2.499	2.108	788	1.859
2009	2.487	2.468	2.484	2.111	779	1.849
2010	2.491	2.389	2.471	2.089	750	1.820
2011	2.355	2.345	2.353	1.998	731	1.744
2012	2.380	2.320	2.366	2.018	725	1.727
2013	2.373	2.351	2.368	2.023	734	1.748
2014	2.367	2.328	2.359	2.034	718	1.768
2015	2.402	2.251	2.370	2.059	705	1.775
2016	2.410	2.453	2.419	2.068	755	1.789
2017	2.486	2.612	2.512	2.129	843	1.867
2018	2.590	2.797	2.631	2.204	907	1.947
2019	2.676	2.945	2.735	2.251	939	1.965
2020	2.716	2.624	2.694	2.261	794	1.913
2021	2.824	3.026	2.869	2.393	971	2.080
2022	2.930	3.145	2.978	2.479	1.031	2.161
2023	3.058	3.375	3.124	2.595	1.082	2.280

En 2023 os fogares que teñen como fonte principal dos seus ingresos os salarios teñen en promedio un ingreso total mensual de 3.058 euros, dos que 2.595 corresponderían ao ingreso por salarios.

Os fogares nos que os salarios non son a fonte principal de ingresos teñen un ingreso medio total superior ao dos fogares nos que os salarios son a fonte principal dos seus ingresos con 3.375 euros mensuais de ingreso medio en 2023, dos que 1.082 euros corresponden a salarios.

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Fogares con algunha persoa asalariada. Áreas
- Fogares con algunha persoa asalariada segundo a tipoloxía do fogar. Galicia
- Fogares segundo a fonte principal de ingresos do fogar. Galicia
- Fogares nos que os ingresos por salarios representan máis dun 50 %, 75 % ou 100 % do total dos seus ingresos. Galicia e provincias
- Estrutura dos ingresos no total de fogares e naqueles con algunha persoa asalariada. Galicia
- Ingreso medio mensual por fogar segundo a tipoloxía do fogar. Galicia
- Ingreso medio mensual por fogar segundo a principal fonte de ingresos. Galicia
- Importe medio mensual por fogar de cada tipoloxía de ingreso e incidencia dos ditos ingresos. Galicia
- Ingresos medios mensuais totais e salariais dos fogares con algunha persoa asalariada segundo a súa fonte principal de ingresos. Galicia

Fontes de información

IGE. Enquisa estrutural a fogares